



## ASISTENCIA TÉCNICA PARA POSTA EN MARCHA E DIRECCIÓN DO PACTO LOCAL PARA O TERRITORIO COSTEIRO SOSTIBLE PARA A SÚA FASE 1 (ANO 2017).

### 1. O PACTO LOCAL.

O Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible é a ferramenta fundamental definida pola EDLP do GALP Costa Sostible para involucrar aos axentes sociais e á poboación no territorio no deseño e implantación dun modelo de gobernanza e de xestión do territorio que incorpore valores de sostibilidade ambiental, paisaxística, social e económica na definición de necesidades, obxectivos e formas de intervención.

#### Obxectivos.

- Chegar, a medio prazo (un par de anos) a un acordo entre todos os axentes públicos e sociais para crear modelos sostibles de goberno do territorio e da paisaxe, atendendo a diversos eidos.
- Para este ano: Proceso participativo para definir, coa colaboración de expertos en distintas áreas, estratexias en catro eixos.

- Medio mariño e costeiro
- Medio ambiente e paisaxe
- Competitividade e turismo
- Desenvolvemento inclusivo

- Creación do Pacto Local polo Territorio Costeiro Sostible como foro de traballo que implique ás institucións locais.
- Establecemento dos primeiros obxectivos vinculados ao crecemento sostible e investigación e adopción de solucións concretas.

#### Metodoloxía.

Cada unha destas temáticas serán abordadas en mesas de traballo integradas por:

- 1 Relator: especialista autonómico ou nacional na temática. A súa función é a de dirixir as mesas de traballo e facer a redacción dun documento de conclusións.
- 2 Expertos: especialistas autonómicos ou nacionais na temática. As súas funcións son participar nas mesas de traballo e redactar documentos previos de conclusións para aportar ao relator.
- Número indeterminado de axentes locais implicados. Estes axentes participarán nas mesas de traballo e, dependendo da súa vontade, poderán aportar documentos de traballo.
- 1 coordinador/secretario, responsable da animación das mesas e manter a coherencia no desenvolvemento das catro liñas de traballo.





## **Accións.**

### **Constitución do Pacto Local, Compromiso inicial e caracterización do territorio.**

Implicación dos axentes locais nun foro de traballo, coa redacción e aprobación dun Compromiso. Implica as seguintes tarefas:

- Reunións de traballo.
- Convocatoria de expertos en distintos eidos e que axuden a concretar as apostas que definen ao Territorio Costeiro Sostible.
- Aprobación do compromiso inicial, en forma de documento básico que incorpore principios, prioridades, estratexias e métodos de traballo.

### **Proceso de investigación e adopción de solucións.**

Unha vez centrados os principios e prioridades, empezaremos a investigar cales son as respostas eficaces. Buscamos a participación social e a incorporación de 'know how' a través de expertos locais e foráneos:

- Procesos de participación social.
- Intercambio de experiencias.
- Viaxes de estudo a territorios que traballen sobre algunha das liñas que se consideren prioritarias (por exemplo: accesibilidade, incorporación da muller a postos directivos, aproveitamento dos recursos pesqueiros, etc.).
- Encargo de informes técnicos específicos.

O resultado debe ser unha guía de traballo cun horizonte temporal definido (entre 5 10 anos).

### **Comunicación pública.**

Todo o proceso de creación e traballo do Pacto Local debe ir acompañado dunha liña de comunicación de cara ao interior e exterior do territorio que consiga dar forza ao proceso e fomenta o interese cara a el.

- Difusión en prensa do proceso de traballo e dos resultados.
- Publicación do compromiso (o documento central do Pacto Local).
- Publicación e difusión dos estudos realizados.
- Incorporalo como liña argumental básica na estratexia de comunicación do GALP e das entidades participantes.

## **Traballos 2017 (Fase 1).**

1. Xornada técnica preparatoria de todo o proceso. Nela participarán:

- Xerente do GALP e algún membro da directiva que teña interese.
- 1 ou dous representantes da secretaría técnica.
- 4 relatores (un de cada temática)

2. Mesas de traballo, catro en total. Algunhas das mesas irán acompañadas de visitas de campo para analizar problemáticas e situacións concretas.

3. Redacción de documentos de opinión dos expertos.

4. Redacción de conclusións de cada liña temática polos relatores.





5. Integración de todas as conclusións, directrices e propostas de intervención do Pacto Local.
6. Xornada técnica de discusión e valoración de conclusións. Integrada polos mesmos representantes da xornada técnica preparatoria.
7. Proceso de presentación e discusión.

#### **Resultados agardados.**

- Un diagnóstico amplo, contrastado e consensuado sobre as problemáticas abordadas no proceso.
- Propostas de intervención xerais para a sostibilidade futura do territorio que requiran a participación dun amplo espectro de administracións e axentes sociais.
- Método preciso para abordar a segunda fase do PACTO LOCAL, a de acordos e compromisos das administracións e axentes sociais.
- Plan de traballo e cronograma definitivo do PACTO LOCAL.

## **2. OBXECTO DO CONTRATO.**

Asistencia técnica para posta en marcha e dirección do Pacto Local Para o Territorio Costeiro Sostible para a súa fase 1 (ano 2017).

A) Realización dunha xornada técnica preparatoria de todo o proceso. Nela participarán:

- Xerente do GALP e algún membro da directiva que teña interés.
- 1 ou dous representantes da secretaría técnica.
- 4 relatores (un de cada temática).

B) Realización, a partir desta xornada técnica, dun documento folla de ruta con contidos, calendarios e participantes, para o desenvolvemento desta Fase 1 (2017).

C) Preparación dos documentos de traballo para cada unha das catro mesas temáticas indicando, cando menos:

- presentación da temática.
- retos a abordar en cada temática.
- obxectivos da mesa de traballo.
- deseño da visita ou acto paralelo a cada mesa de traballo, no caso de que se estime oportuna a realización do mesmo.

D) Dirección de catro mesas de traballo temáticas.

- Traballo previo con relator de cada mesa para a orientación temática e procedemental da mesa.
- Preparación da sala e materias necesarios.
- Recepción e atención aos participantes.
- Traballos de presentación da temática e moderación do debate.
- Dirección e organización da visita ou acto paralelo programado.

E) Redacción de conclusións.

- Seguimento aos relatores das mesas para que elaboren os seus documentos de opinión ou conclusións. Con al menos unha primeira versión e unha revisión.





- Atención a consultas e achegas doutros participantes na mesa.
  - Redacción final de conclusións de cada temática.
  - Redacción do documento integral de conclusións, directrices e propostas de intervención do Pacto Local.
- F) Xornada de conclusións.
- Organización dunha xornada de conclusións, con participación dos axentes de distintos eidos. Preparación da documentación a presentar.
  - Moderación da reunión.
  - Incorporación de novas conclusións.
  - Seguimento, durante un prazo de quince días, das achegas que puideran aportar os axentes participantes.
  - Redacción do documento definitivo.
- G) Presentación pública.
- Organización dun acto de presentación pública de conclusións, con participación de:
    - Autoridades locais.
    - Axentes participantes no proceso.
    - Público e medios de comunicación.
  - Dirección e moderación do evento.
  - Atención a medios e preparación de notas de prensa anterior e posterior ao acto.
- H) Programación da seguinte fase. Proposta de actuación para a seguinte fase e calendario de actuación.
- I) Secretariado. Traballos de secretariado propios do proceso participativo.
- Animación e relación cos relatores e participantes.
  - Atención ás consultas destes durante todo o proceso.
- Asistencia á Xerencia do GALP nas tramitacións administrativas, cálculos

En Noia a 8 de maio de 2017

Daniel Formoso Moledo  
Presidente GALP Costa Sostible

